

O labor de Cedofeita nos últimos doce meses.

Como vén sendo costume, presentamos na revista as actividades da Asociación realizadas desde outubro de 2006 ata o mesmo mes do presente ano.

Xornadas micolóxicas.

Os días 3 e 4 de novembro, o grupo Sendeiriña, integrado na Asociación Cedofeita, levou a cabo as XIII xornadas micolóxicas. O primeiro dos citados días, Pepe Álvarez deu unha charla, aberta ó público en xeral, na que marcou con nida claridade a diferenza entre os cogomelos velenosos e os comestibles.

A continuación, foi mostrando e comentando algunhas das especies máis abundantes na nosa zona: lactarius, lepiotas, boletus, cantarelas, amanitas, etc. Ó día seguinte, sábado, un nutrido grupo saímos pola mañá á busca de cogomelos. Quedamos satisfeitos cos que collemos, pero o



ambiente de limpalas, cociñalas e despois cealas foi, sen dúbida, o máis gratificante da xornada.

O número 10 da revista Cedofeita

O número 10 da revista Cedofeita, correspondente ó ano 2006, foi presentado na galería Sargadelos de Pontevedra o 29 de novembro. Abriu o acto o presidente da Asociación, Xosé



Álvarez Castro quen deu a benvinda ós asistentes, que enchían a sala. Agradeceu a presenza da concelleira de cultura, M^a Xesús López Escudeiro, que cerrou o acto recoñecendo o traballo que vén realizando Cedofeita no ámbito da cultura, valorando positivamente o contido deste número da revista e animando ós seus membros a continuaren no labor encetado.

Entre ambas intervencións, o secretario, Xosé L. Estévez Solla, expuxo os contidos da revista e, cando foi oportuno, deulle a palabra a algúns dos colaboradores presentes na mesa como Benito

Fontán, Pablo Barreiro e Jaime Iglesias que glosaron os seus respectivos artigos: O concello de Verducido e o concello de Xexe; 1936: O ano que nos fixeron vivir perigosamente; e Lendas do monte Castelo, estas xenialmente ilustradas por Fernando Martínez Vilanova. Este número de Cedofeita consta de cincuenta e seis páxinas, en branco e negro con portada en color, que recollen, ademais das actividades realizadas pola Asociación nos doce meses anteriores, doce artigos, así como dúas páxinas de irónico humor gráfico de José Manuel Castro que este ano versou os incendios forestais baixo o título Viaxe ó país da tebras.

Asemblea xeral

Na asemblea xeral que anualmente celebra Cedofeita aprobouse a xestión realizada no ano anterior, así como o estado de contas da asociación que expuxo o tesoureiro. Tamén se aprobou o proxecto de actividades para o ano 2007. O último punto da orde do día foi "elección de xunta directiva". Ó non presentarse ningunha candidatura, a asemblea aprobou por unanimidade a continuación da directiva anterior que viña presidindo, Pepe Álvarez, quen manifestou ós asistentes a conveniencia de que se incorporase á directiva reelixida algún membro máis, pero ningún dos asistentes aceptou a invitación. Daquela a xunta directiva de Cedofeita quedou formada polos seguintes membros: presidente, José Álvarez Castro; vicepresidente, Jaime Iglesias González; secretario, José L. Estévez Solla; tesoureiro, José M. Álvarez Castro; vocais, Jaime Barreiro Montes, José Grandal Sajorge, José Quinteiro Piñeiro e Antonio Vázquez Iglesias.



Asociación Sociocultural CEDOFEITA - Lerez - Pontevedra - Outubro 2006 - n.º 10

Roteiro pola xunqueira da Gándara

O tres de xuño, unhas vinte persoas saímos das proximidades da imprenta da Deputación para facer este roteiro que organizaba a nosa Asociación. Camiñamos a beira do río Alba, adentrámonos na xunqueira e logo continuamos polo camiño cara a Ponte das Cabras. Durante o percorrido que durou arredor de tres horas, Xosé Álvarez foi expoñendo diversos aspectos históricos, culturais, e ambientais desta xunqueira, sen ocultar a valoración do seu estado que é manifestamente mellorable, tanto no que respecta ós carreiros e pasarelas como á vexetación



Viaxe cultural

Portugal foi o destino da última excursión de Cedofeita que tivo lugar o 10 de xuño de 2006. Fixemos a primeira parada en Esposende, vila mariñeira e turística, situada á beira de río Cávado onde, ademais de visitar interesantes monumentos como a igrexa da Misericordia, a capela dos Mareantes ou o Museo Municipal, puidemos camiñar polas súas his-

tóricas rúas que circunstancialmente estaban adornadas con flores que aínda duraban da procesión do día anterior. A media mañá chegamos a Barcelos, cidade asociada á "lenda do galo" cuxa representación constitúe un símbolo de Portugal. Visitamos as principais rúas e monumentos, así como a mostra de "portadas" realizadas polas distintas freguesías do concello, Xantamos no Sameiro e aproveitamos para visitar o santuario que alí se ergue. Pola tarde encamiñámonos cara a Braga, coñecida como a Roma portuguesa, onde relaxadamente visitamos a catedral e o palacio do arzbispado e paseamos polas rúas máis emblemáticas da cidade.



Exposición De mil amores



Titulamos esta exposición De mil amores porque, ó tratarse dunha mostra de fotografías antigas de matrimonio, pensamos que cada parella representada accedeu ó matrimonio con agrado e ilusión, tal

como indica a expresión. E, ademais, se xogamos co significado literal das súas palabras, podemos entender, tamén, que as nosas parellas puideron casar movidas por múltiples formas de amar e variadas razóns do amor. As fotografías correspondían todas elas a casamentos habidos desde finais do século XIX ata o ano 1965 e os matrimonios estaban dun xeito ou doutro relacionados con Lérez: vecindade previa ou posterior ó casamento, parellas que casaron en Lérez sen seren de aquí, etc.

Como complemento mostráronse un traxe de noivo e outro de noiva dos anos 1954 e 1963 respectivamente, o enxoval dunha noiva para a primeira noite de voda do ano 1932, luvas e coroa de noiva, así como tarxetas de invitación e de menú de banquete. O conxunto amosouse ó público no mosteiro de Lérez durante os días 3, 4, 5 e 6 de agosto de 2007. Na exposición, que constituiu un amplo e suxerente escaparate de máis dun cento de fotografías acompañadas dunha micro-historia identificativa, podía verse a evolución de certos costumes como o de fotografarse no día da voda, a indumentaria da noiva e a do noivo, diferenzas entre vodas rurais, urbanas e na emigración, etc.





Obradoiro de tinguidos na Feira Franca

A asociación Cedofeita colaborou na recreación da popular Feira Franca que se celebrou en Pontevedra o pasado 1 de setembro. Xa é o cuarto ano que participamos cun obradoiro de tinguido tradicional sumándonos a outros colectivos que, como nós, tamén representaban oficios: ferreiros, redeiros, ferradores, toneleiros, etc. que ambientaron as prazas da vila dándolle un aspecto que lembraba aquela feira de san Bartolomeu de tempos pasados. No noso obradoiro mostramos como antigamente, os tecidos naturais como a la ou o liño podían tinguírse empregando plantas coma o fiuncho, cascas como a do sabugueiro, froitos coma as amoras, etc. e obter vistosas e sólidas cores. O taller foi visitado por numerosas persoas e as máis curiosas que o requirían eran informadas de como se realiza o proceso de tinguir. Recibimos numerosos parabéns, tanto polo obradoiro en sí, como pola súa ambientación, así como pola ornamentación dos arcos do museo da rúa Sarmiento onde ceamos pola noite,

Colaboracións:

Ó longo destes últimos doce meses, Cedofeita colaborou con outras entidades das que cabe salientar as seguintes:

- Participa nas reunións e actividades da REAL (Rede de Entidades Amigas da Lingua).
- É membro do comité aberto de Feira Franca.
- Colabora con outras asociacións como a do Burgo, Verbo Xido, etc.



Un "roteiro" desvela el valor cultural y ambiental de A Xunqueira da Gándara

Redacción / PONTEVEDRA

El buen tiempo acompañó ayer a la veintena de pontevedreses que respondió a la convocatoria de la asociación cultural "Cedofeita" de la parroquia de Lérez para descubrir los valores históricos, culturales y ambientales de A Xunqueira da Gándara.

El "roteiro" partió de la imprenta de la Diputación, situada en la avenida de Domingo Fontán, y durante aproximadamente tres horas los caminantes escucharon explicaciones y fueron conscientes del patrimonio natural y cultural de la zona.

Tal como explican desde la asociación "Cedofeita", promotora del "roteiro" por A Xunqueira da Gándara esta iniciativa persigue un objetivo claro: descubrir los valores históricos, culturales y ambientales de la zona.



El buen tiempo acompañó a los asistentes al "roteiro". / RAFA VÁZQUEZ

PONTEVEDRA

MÁS DE 120 PAREJAS DE LÉREZ ANTE LA CÁMARA



Días (y noches) de boda

Manu Chao ofrecerá un concierto el sábado en Vigo



De voda polos séculos XIX e XX



PRAZA DA FERRERÍA De mil amores

Chelo Lago
Exposición en Lérez. No son exactamente mil historias de amor pero sí que hay unas cuantas en la exposición inaugurada ayer en el Monasterio de Lérez. Bajo el título de De mil amores se exhiben 112 fotografías de bodas de vecinos de la parroquia y diversos objetos relacionados con los casamientos. Tampoco faltan testimonios de alguna que otra boda de oro y de los convidaos a los convites en una crónica social de esta parroquia. No son fotos recientes, sino que son desde finales del siglo XIX a mediados del pasado. Se trata de la tradicional muestra que anualmente celebra la Asociación Socio-cultural Cedofeita de Lérez.



El monasterio de San Benito acoge una exposición de fotografías antiguas de matrimonios.

